

Memoria Itínera

ÍNDICE

1. MEMORIA ANUAL

- 1.1. Antecedentes**
- 1.2. Poboación que atende**
- 1.3. Obxectivos**
- 1.4. Liñas de actuación**
- 1.5 Recursos humanos**

2. PROGRAMAS

- 2.1. Programa Ágora**
- 2.2. Programa Hefestos**
- 2.3. Programa Hermes**
- 2.4. Programa Iris**
- 2.5. Programa Heracles**
- 2.6. Programa Erit**



1. MEMORIA ANUAL

1.1. ANTECEDENTES

ITÍNERA naceu en Santiago de Compostela por iniciativa dun grupo de persoas que desenvolveron programas de voluntariado no Hospital Psiquiátrico de Conxo dende o ano 1993. Constitúese en marzo do 2005 como Asociación co ánimo de transcender ao Hospital e prestar atención sobre todo a persoas que, estando na comunidade precisan unha rede activa de xente que lle procure protección e apoio.

1.2. POBOACIÓN A QUE ATENDE

Persoas que padecen algunha forma de Trastorno Mental Severo (esquizofrenia, cadros esquizoafectivos, trastorno bipolar...) e que, como consecuencia directa da mesma, presentan discapacidade funcional, dificultades adaptativas, malestar subxectivo, aillamento, marxinación e estigma social. O seu manexo para a familia e amigos é moi complexo e os síntomas alteran a vida familiar.

Cando carecen de apoio familiar e dos sistemas de protección social desembocan na marxinación e na pobreza.

1.3. OBXECTIVOS

1. Ofrecer oportunidades no ámbito do ocio, educativo, e laboral, ás que non teñen acceso debido a discapacidade se non contan con apoio específico (principio de igualdade de oportunidades).
2. Favorecer un mellor funcionamento, participación social e calidade de vida.
3. Conectar aos usuarios coa oferta de actividades dirixidas á poboación xeral, actuando como mediadores.
4. Constituír unha célula dentro do tecido social que contribúa a substituír as actitudes de rexeitamento polas de tolerancia e comprensión (loita contra as barreiras ambientais).
5. Apoio aos cuidadores primarios (familiares).

1.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

1. Modificación do entorno microsocial de convivencia. Creación de oportunidades de integración e socialización con apoio dos voluntarios sociais. Tódolos programas que foron encamiñados a tal fin.
2. Lograr vínculos afectivos persoais cos pacientes que os motiven a asistir e participar. A maior dificultade é precisamente lograr que participen. O programa AMIGOS, que é transversal a tódolos demais, busca precisamente iso.
3. Coordinación cos servizos sociosanitarios públicos, coas asociacións de familiares e afectados, con asociacións de índole cultural, deportivo, para crear unha rede de relacións dos recursos formais e informais que proporcione verdadeira protección e apoio a estes pacientes.

1.5 Recursos Humanos

Voluntarios/as: (datos 2018)

Número de voluntarios/as	82
Número de voluntarios/as da Universidade	31
Número de voluntarios/as captación directa	49
Horas semanais de acción voluntaria	214

Voluntarios/as	Horas adicadas semanalmente
26	2
31	3
14	4
5	5
4	6
2	8
TOTAL VOLUNTARIOS:82	TOTAL HORAS: 146

Usuarios/as: (datos 2018)

35 usuarios/as	Participaron entre 4 -8 programas
64 usuarios/as	Participaron entre 2-3 programas
62 usuarios/as	Participaron en 1 programa Unha porcentaxe considerable dos usuarios e das usuarias que acoden á un só programa ven constituído por persoas ingresadas no Hospital Psiquiátrico
15 usuarios/as	Participaron menos de 3 veces en calquera programa
Total Usuarios/as :176	

Socios/as Persoas asociadas:203

2. PROGRAMAS

2.1 PROGRAMA AGORA

2.1.1 - GRUPO DE APOIO AO ESTUDO.

Clases de apoio para conseguir principalmente o graduado escolar e título de bacharelato. Leváronse a cabo clases tanto individuais, o cal permite unha maior adaptación ao nivel e ritmo do alumnado, e grupais para aqueles que preparaban a mesma materia, puidendo ser reforzadas posteriormente de xeito individual.



Número de Alumnos/as:26

2.1.2 - DESENVOLVEMENTO SOCIOEDUCATIVO PARA PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL SEVERO.

A partir do programa Ágora, rexurdiu a idea de volver a implementar un plan de similares características axeitado ás necesidades dos usuarios que anteriormente acodían á escola de adultos ubicada no Hospital Psiquiátrico de Conxo, ampliando así as posibilidades de asistencia a un maior número de usuarios/as. Tras a elaboración do proxecto estableceuse un convenio co Servicio Galego de Saúde para a posta en marcha dun programa de fomento e formación do voluntariado no campo da enfermidade mental para mellorar a calidade de vida e o desenvolvemento das súas capacidades.



2.1.3- ESCOLA DE IDIOMAS Impartíronse clases de inglés en tres niveis: iniciación, medio e avanzado. Maioritariamente, as clases organizábanse en grupos a partir dos niveis indicados, aínda que tamén tiveron lugar sesións individuais para a preparación de exames oficiais.



Número de alumno/as: 40

2.1.4 - DESENVOLVEMENTO CULTURAL. Creouse un grupo de lectura e obradoiro de escritura e Iniciación ao cine.

Clube de lectura:	Iniciación ao cine:
Número de participantes: 12	Número de participantes: 34

2.1.5 - ANÁLISE CRÍTICO E DEBATE Os usuarios e usuarias traballan semanalmente, en grupos de 5-6 persoas sobre temas de actualidade, os cales investigan, sendo o seu material de traballo os xornais, revistas especializadas e internet. Cada un debe estudar un aspecto diferente da noticia en cuestión, que se pon en común e se debate na clase seguinte. Require moito tempo e esforzo dos/as usuarios/as, entre semana adican un día aparte para investigar por separado e outro para por en común có seu grupo a información acadada para levar os seus argumentos preparados para o debate do martes.



Número de participantes: 33

2.1.6 - EQUIPO DE REDACCIÓN. Os usuarios desenvolven as súas habilidades literarias, fotográficas e de deseño na edición dos novos números do B.O.I, a revista da Asociación que serve para promocionar tanto as actividades como os diversos talentos dos seus participantes. Así mesmo tamén actualizarán as nosas webs www.asociacionitiner.com e o noso facebook .

Número de participantes: 8




2.1.7 - VISITAS CULTURAIS. Regularmente organizáanse visitas guiadas a museos da cidade e acúdense a diversos eventos culturais da cidade. Tamén se realizan visitas a outros lugares de interese natural, cultural ou histórico da nosa comunidade.

Número de participantes : 6 por visita. Número de visitas: 1 mensual.

2.1.8 - INFORMÁTICA. O seu obxectivo é introducir aos alumnos/as no eido das novas tecnoloxías. Tódolos alumnos/as deste proxecto aprenden a utilizar correctamente un ordenador ao final do mesmo. Impártense en tres niveis: Iniciación, Ofimática ,Internet.

Número de participantes : 25



2.1.9 - COCIÑA E ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA. Consiste en adquirir coñecementos e habilidades para preparar diferentes comidas de forma autónoma. Á súa vez ofrecer un espazo de comedor, encontro e convivencia. Así mesmo conseguir o maior número de habilidades que permitan a realización das actividades da vida diaria, e faciliten acadar unha maior independencia, tamén adquirir coñecementos e habilidades para poder afrontar distintas situacións referidas a trámites económicos, burocráticos/ou sociais, que poden resultar complexas. Ademais, se traballan aspectos como habilidades sociais e educación sexual, coñecementos básicos de cara a un desenvolvemento social integral axeitado e dunha sexualidade segura e responsable así como un taller de igualdade de xénero.



Número de participantes: 26

2.2 PROGRAMA HEFESTOS **para o desenvolvemento de capacidades prelaborais .**

Esta actividade consta de dous bloques:

Obradoiros teóricos: Redacción de currículums ou preparación de entrevistas laborais como a aprendizaxe dos usos e costumes precisos para incorporación laboral: Boa actitude, presenza adecuada, hixiene no traballo, puntualidade.

Obradoiros prácticos: Nocións básicas sobre carpintería, electricidade, fontanería e xardinería así como a aprendizaxe no manexo de ferramentas comúns (martelos, desparafuxadores, tenzas..) e maquinaria básica (desbrozadoras).



Lugar e horario de realización : No antigo cemiterio Hospital Psiquiátrico de Conxo, clausurado fai anos, e nas proximidades da Casa Reitoral de Merza no concello de Vila de Cruces.

MEDIOAMBIENTAL	
Número Usuarios/as	31
Número Voluntarios/as	7
Horas Semanais Compartidas	3



2.3 PROGRAMA HERMES: Desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre

2.3.1 Fútbol

Creación dun equipo de fútbol conxuntamente entre persoas voluntarias e TMS. Adestramentos semanais nas instalacións da SD Conxo e disputa de partidos trimestralmente. Tamén se iniciou un equipo de fútbol feminino coas mesmas características.

Número de participantes: 18



2.3.2 Proxecto de acompañamento integral AMIGOS

É un programa de creación de rede social para persoas que carecen dela como consecuencia do aillamento producido pola súa enfermidade.

Aos usuarios solicitantes preséntaselles un ou dous voluntarios para que fagan de mediadores sociais e conecten aos participantes con outras actividades da asociación có fin de crear pandillas ou disfruten de ambientes máis normalizados e desinstitucionalizados (cafeterías, cine, paseos..).

Número de participantes: 19

2.3.3 Bailes de Salón

Clases de diversos bailes e preparación dunha coreografía conxunta.

Número de participantes: 22

2.3.4 Defensa persoal

Iniciación a diversas técnicas de autodefensa, indicado para colectivos especialmente suxeitos á victimización.

Número de participantes: 24

2.3.5 Programa de Respiro Familiar



Denominado tamén como Xornadas Activas de fin de semana. Os sábados e domingos un grupo de rapaces e rapazas acode á Casa Reitoral de Merza no concello de Vila de Cruces nun exercicio de convivencia. Disfrutamos desta casa reitoral dende xuño 2005 en que nos foi cedida, en precario, polo Bispado de Lugo.

O último día adícase a sendeirismo e a excursións programadas a lugares de interese histórico ou cultural, así como ás distintas romarías populares ou exposicións da comarca que nos axuden a coñecer mellor o noso país.

Xornadas Merza	
Número Usuarios/as	80
Número Voluntarios/as	20
Horas quincenais Compartidas	30

2.4 PROGRAMA IRIS Verán activo

De xuño a setembro, debido ao incremento de voluntarios/as e a que moitos dos dispositivos en saúde mental reducen horas así como ao peche das institución académicas, a Asociación Itínera desenvolve o **programa Iris** para un verán activo. Este programa consiste tanto no reforzamento de horas de programas que xa funcionan de xeito cotiá como na celebración de eventos puntuais dirixidos tanto a persoas con TMS como a sociedade en xeral.

Esta actividades son:

2.4.1 - Reforzo educativo: Para o alumnado da ESA e Bacharelato que teñan que recuperar algunha asignatura de cara ao mes de setembro. De luns a venres de 11.00 a 14.00 no local que a Asociación itínera ten habilitado especificamente para tal fin en Santiago de Compostela (Rúa República Arxentina nº 22, 5º Esquerda) .

Programa Recuperación	
Número Usuarios/as	20
Número Voluntarios/as	16
Horas Semanais Compartidas	8

2.4.2 - Actividades medioambientais e deportivas:

–A actividade medioambiental dos mércores complementase coa limpeza do río Sar ao seu paso polo barrio de Conxo (Santiago de Compostela).

–Ruas de sendeirismo: Tódolos fins de semana de xuño e xullo, polos montes próximos a Santiago.

–Adestramento do equipo de fútbol: Dóbrase o número de horas ao iniciar tamén os adestramentos un equipo de fútbol feminino mixto formado por usuarias e voluntarias da Asociación.

2.4.3 - Campamentos de verán temáticos

Estes campamentos fomentan a convivencia entre persoas voluntarias e usuarias de distintas entidades. A asociación Itínera organiza estes obradoiros tendo como beneficiarios no só aos participantes nas súas actividades senón que é un evento aberto a todas as institucións do sector da saúde mental.



Data: Neste ano 2017 organizáronse 4 campamentos de catro días entre os días 2 e 24 de agosto.

Lugar: Santa María de Merza no Concello de Vila de Cruces.

Contido: Xornadas adicadas aos xogos populares rol en vivo e ás andainas. **Colaboración:** coas Asociacións Xaruma e Andaina Pro saúde mental.

Participantes: 53 **Voluntarios/as:** 22 **Técnicos/as:** 8

2.4.4 – Noites de Cine e Lúa

Proxección no atrio do Hospital Psiquiátrico de Conxo de dúas películas có galo da Semana Cultural do barrio. Neste proxecto colaboraron a Asociación itínera, que se responsabilizou do coidado do cemiterio nestas xornadas, e o Concello de Santiago a través do Centro Sociocultural Aurelio Aguirre que se encargou dos aspectos técnicos da proxección.

Esta actividade dirixiuse ao público en xeral, e particularmente aos veciños do barrio de Conxo, tamén aos internos do Centro, e a outras entidades sociais e culturais que houberen colaborado dun xeito ou doutro coa rehabilitación psicosocial das persoas con Trastornos Mentais Severos nos últimos anos. Axeitouse un espazo axardinado dentro do antigo mosteiro para a montaxe dunha pantalla. Unha vez rematadas as proxeccións o espazo voltou quedar pechado.



2.5 PROGRAMA HERACLES

O programa Heracles é un proxecto transversal ás actividades de voluntariado da Asociación Itínera, voluntarios en Saúde Mental.

Para apoiar ao volumen de voluntariado (82 persoas) có que traballa esta entidade precísouse crear un sistema de soporte que axudara a formar e a apoiar o traballo das persoas voluntarias para que este fose máis eficaz ao tempo que se difundise visibilizar seo seu traballo có fin de renovar pulos e motivar a máis membros da comunidade en proxectos de integración social.



OBXECTIVOS

- Visibilizar o traballo do voluntariado ao tempo que se lles dota as persas voluntarias dos coñecementos para unha intervención eficaz.
- Favorecer a formación das persoas voluntarias.
- Accesibilizar o voluntariado a tódolos grupos de poboación.
- Difundir o traballo de voluntariado entre comunidade.
- Coordinarse con outras entidades que dispoñan de voluntariado
- Creación de programas de voluntariado para entidades que non as teñan.

2.5.1 ACTIVIDADES

1- Curso de Formación de Voluntariado en Saúde Mental.

O eido da Saúde Mental presenta un campo de traballo moi extenso que abrangue a diversas disciplinas académicas. Estamónos a referir, non só á ciencia médica ou a Psicoloxía ,senón tamén á Pedagogía, ó Traballo e á Educación Social e mesmo do Dereito .

A día de hoxe, precísanse novas solucións para as novas necesidades que xorden da situación actual. Estas solucións pasan por unha formación máis específica e máis técnica ,que mellore e faga máis eficaz o imprescindible traballo dos voluntarios ,ó tempo que se rompen estigmas e se da a coñecer o mundo dos trastornos mentais á sociedade en xeral.

O curso de voluntariado en saúde mental organizado pola Asociación Itínera está recoñecido con crédito de libre designación da USC, e de custe gratuíto para tódolos voluntarios de Itínera e das asociación colaboradoras no programa (14 entidades)

En tódalas edicións O número de asistentes superou sempre o centenar de persoas e estiveron representados nas mesas dos ponentes tanto persoal técnico das asociacións como psiquiatras, psicólogos, persoas afectadas, familiares e representantes de diversas administracións. Preténdese pois con este Curso, non só unha oferta formativa máis, senón a consolidación dun punto de encontro académico e social que xire arredor do voluntariado.

Curso Formación	
Número Voluntarios /as	120
Número ponentes	24
EntidadesVoluntariado partipantes	16

VI Curso de Formación de Voluntariado en Saúde Mental : Curso de 30 horas, homologado pola USC con dous créditos de libre configuración. Celebrado entre o 2 decembro coa participacións de diversas asociación e insitución do eido da súde mental:



Sábado 2 de
DECEMBRO 2017
Universidade de Santiago de Compostela

Eolus

Itinera
Voluntarios en saúde mental

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
E INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN PSICOLÓXICA

Asociación Itinera
CURSO
2017-2018

**NAS TRINCHEIRAS DO
ACTIVISMO SOCIAL**

No Vicerreitorado de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social
Rúa das Casas Reais nº 8

INSCRIPCIÓN: GRATUITA, LIMITADA A 50 PRAZAS

11:00 Apertura da xornada
11:00 a 12:15 Mesa 1: As novas caras do TMS
12:30 a 13:30 Mesa 2: A parainstitucionalización
16:00 a 17:15 Mesa 3: Os protagonistas se organizan
17:30 -18:30 Mesa 4: Dinámicas de traballo

CONTACTO: eolusproxecto@gmail.com

Eolus

Itinera
Voluntarios en saúde mental

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
E INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN PSICOLÓXICA

Asociación Itinera
CURSO
2017-2018

**NAS TRINCHEIRAS DO
ACTIVISMO SOCIAL**



2-Convenios de colaboración para a aprendizaxe de profesionais formados en voluntariado como ferramenta de rehabilitación e integración.

Có obxectivo de formar futuros profesionais que coñezan o eido do voluntariado e o incorporen como ferramenta de traballo útil no futuro, nos seus respectivos campos de actuación a Asociación Itínera firma convenio de prácticas coas seguintes entidades.

-Facultade de Ciencias da Educación da USC (Pedagogía e Educación Social)

-Facultade de Psicoloxía USC.

-Facultade de Taballo Social USC (en preparación)

-Facultade de Educación social UDC (en preparación).

-Ciclo medio de Atención a persoas en situación de dependencia Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Compostela.

-Ciclo Superior de Integración Social Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Compostela.

-Cursos Internacionais USC (Alumnos extranxeiros de psicoloxía e traballo social)

3. Programas de Difusión

3.1- Programa Mercurio: Programa de Supervisión e Información das actividades internas da Asociación.

- Acompañamento dos voluntarios , supervisión e avalición conxunta da súa labor.

-Mantemento actualizado da web informativa das actividades da asociación,

-mantemento redes sociais (Facebook)

- Redacción dun blog realizado conxuntamente por voluntarios e usuarios da asociación.

- Creación de campañas publicitarias dixitais para a captación de voluntariado

-Mailing para informar dos eventos e actividades a voluntarios, beneficiarios socios e membros de outras asociacións interesados

3.2.- Programa Helios



A primeira actividade de este programa é a creación dunha páxina web informativa, www.iniciativahelios.com

O Programa Helios é un programa de difusión das actividades asociativas no ámbito da saúde mental e que vai dirixido tanto a profesionais da área sociosanitaria como a pacientes e a familias que non tivesen coñecemento aínda das distintas entidades que traballan na rehabilitación psicosocial das persoas con Trastornos Mentais Severos.

Obsérvase nas asociacións, que unha alta porcentaxe de usuarios e as súas familias chegan á primeira entrevista meses despois de recibir un diagnóstico ou o alta nun primeiro internamento clínico. Estes primeiros meses desde que se coñece a enfermidade resultan vitais e deles depende moitas veces a actitude coa que a persoa enferma vai aceptar o tratamento e os programas de rehabilitación psicosocial.

As familias, con frecuencia, non saben onde dirixirse e soportan ante a falta de información unha gran incerteza durante este período, que repercute ineludiblemente no paciente que ve atrasada a súa rehabilitación. Noutras ocasións a información que conseguen resulta nesgada por intereses alleos ao beneficiario e non responde as expectativas reclamadas o cal alonga aínda mais o tempo efectivo de recuperación. O programa Helios pretende acurtar estes prazos.

Actualmente en moitas entidades e particularmente nas ONL dispónse dun importante caudal humano cun potencial infrautilizado. Referímonos con isto a voluntarios cunha importante cualificación profesional, (Psicólogos, traballadores sociais, educadores, enfermeiros, pedagogos, avogados?) e con recursos que, moitas veces, non chegan a aproveitarse completamente nas asociacións coas que colaboran.

Neste programa, os voluntarios cualificados serían as ferramentas para construír canles de comunicación directa entre todas as institucións, recibindo distribuindo e actualizando información á vez que crean unha rede de correspondencia entre Hospitais, Centros de Saúde e as diversas asociacións que traballan en Saúde mental.

A creación desta rede e o traslado de información realizase atendendo ás particularidades de cada centro. Desta maneira acordaríase co equipo responsable a forma en que a información chegaría aos beneficiarios e profesionais. Tanto a través de charlas e entrevistas ou mediante a entrega de trípticos e outra documentación.

A información que se distribuiría sería:

- Trípticos propios de todas as asociacións e entidades que traballen na Rehabilitación Psicosocial.

- Documentación diversa con todos os teléfonos de contacto e correos e-mail das devanditas entidades así como un resumo das actividades que realizan.

3.3 - Programa Eolus

EOLUS é un proxecto de comunicación social.



Na contorna de Compostela hai un grupo reducido de entidades sociais de gran tamaño, que xa contan cun equipo de comunicación para poderen difundir as súas iniciativas. Pero hai moitas outras organizacións (entidades de voluntariado ou meso pequenos concellos) que dende abaixo aportando un servizo social e por falla de medios materiais ou tempo non teñen este servizo.

EOLUS preséntase como solución a esta necesidade de difusión. E un programa cunha triple vertente

A primeira sería a transversalidade, a necesidade de cooperación con outras entidades alleas ao noso ámbito de actuación ,colaborar e extender o campo de traballo de tódalas entidades que queiran colaborar.

Por outra a banda é un proxecto de comunicación. Informamos sobre aquilo que acontece ao noso arredor no eido das iniciativas sociais e particularmente das accións de voluntariado

E por outra, somos unha organización social. Abrangue os temas de transcendencia humana que afectan á sociedade (inmigración, infancia, saúde, discapacidade, violencia machista, educación, medio ambiente...).

Obxectivos:

-Converter este programa nunha entidade autónoma xerador de iniciativas sociais.

- Difundir, organizar e fomentar iniciativas sociais. Queremos poñer todos estes acontecementos, que non contan cun tratamento suficiente nos medios de comunicacións, na boca da xente. Ademais, tamén pretendemos axudar a aquelas asociacións con poucos recursos a que poidan organizar os seus eventos.

-Organizar e difundir as ideas que nacen das asociacións e tamén promover as nosas propias.

3.4- programa Apolo

Creación de programas de voluntariado para entidades que non dispoñan dos mesmos e nos que sexa factible a Incorporación de beneficiarios dos programas de Itínera como voluntarios.

Actualmente traballamos conxuntamente coas entidades:

-SD. Compostela Realizando tarefas de mantemento, recollida de material ao final de cada partido e colaborando nas campañas solidarias organizadas polo Clube.Número de Voluntarios: 18

- Asociación Centinelas: Unha asociación adicada a dar cobertura a nais carentes de recursos, a colaboración de Itínera consiste en axudar nas tarefas que precisen de voluntarios específicos para necesidades concretas (como poden ser mudanzas ou pintar unha vivenda), non ten unha periodicidade determinada pero permite tamén incorporar como voluntarios a usuarios dos nosos programas.

-CSC Aurelio Aquirre de Conxo:Coordinación co centro sociocultural para realizar tarefas de traballo comunitario organizando eventos.

2.5.2.PERSOAS BENEFICIARIAS PROGRAMA HERACLES:

Beneficiarios do programa Heracles	
Usuarios atendidos directamente por voluntarios formados en programas de Voluntariado da Asociación Itínera	190
Alumnado en prácticas formado en voluntariado Curso 2016-2017	10
Asistentes VI Curso de Formación de voluntariado en Saúde mental	120
Entidades con programas de voluntariado en red de (cooperación)	11
Entidades sen programas de voluntariado de cooperación (Colaboración)	3
Entidades públicas para as que se realizan programas de voluntariado	3

2.5.3.PERSOAS VOLUNTARIAS:

Voluntarios derivados USC	19
Voluntarios captación directa	50
Voluntarios extraídos de colectivos risco	13
Voluntarios TOTAL	82

Voluntarios formados en Saúde Mental	105
---	-----

2.6 PROGRAMA ERIT



Este programa consiste na creación dunha iniciativa de inserción laboral para persoas con TMS.

Así, a idea consiste en crear una rama de prestación de servizos que serán facturados inicialmente pola asociación Itínera e que terá como seguinte paso a creación dun centro especial de emprego.

A primeira iniciativa deste proxecto terá como actividade principal os servizos de conservación e mantemento de zonas verdes.

Deste xeito dispoñémonos a trasladar ao mundo laboral toda a experiencia que acadamos no programa de medio ambiental dende o ano 2005, nas labores de limpeza e restauración do antigo cemiterio de Conxo e da Alameda adxacente ao río Sar que pasa polos terreos do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

Buscamos a integración plena coa incorporación a mundo do traballo que o que vai permitir a seu empoderamento.

1.5. DATOS BÁSICOS.

Sector	Servizos
Actividade	Mantemento, conservación e limpeza de zonas verdes.
Forma Xurídica	Asociación
Promotora	Asociación Itínera de Voluntariado en Saúde Mental
Localización	Rúa República Arxentina nº 22 5 E Santiago de Compostela C.P.: 15703
Equipos e maquinaria	A básica de xardinaría, e de oficina necesarios para o desenvolvemento da actividade
Persoal e estrutura organizativa	Un encargado, e de dous a tres operarios. Se adaptarían as necesidades de cada proxecto.
Carteira de servizos	Restauración medioambiental Mantemento de zonas verdes.
Clientes	Administracións, Institucións e particulares
Ferramentas de promoción	Web de Itínera, prensa, redes sociais ...

Durante o ano 2017 neste programa realizáronse as seguintes accións:

Mantenemento camiños Brañas do Sar :

Contrato có Concello de Santiago para manter accesibles tanto os camiños como os seus laterais, limpeza de e recollida de papeleiras, poda e limpeza de matogueiras para evitar o risco de incendios, un dos obxectivos para alcanzar foi acondicionar paulatinamente zonas actualmente invadidas por especies invasoras e malas herbas para abrir aos usuarios do paseo fluvial novos espazos de lecer.

Os principios para seguir baseáronse na ecoloxía forestal. No control de plantas invasoras, malas herbas e pragas só usáronse métodos biotécnicos e biolóxicos en ningún caso usáronse métodos químicos, favorecendo desta forma a rexeneración dos chans e evitando desta forma que eses produtos químicos filtrárense ao río, axudando desta forma para ir restablecendo a flora, fungos e fauna autóctona das Brañas de Sar.



Cursos de capacitación prelaboral:

-Curso de xardinería :Aprendizaxe do uso e mantemento de ferramentas manuais e mecánicas como rozadoras.

-Curso de silvicultura ecolóxica: Os alumnos aprenderon a realizar correctamente traballos de desembosque, poda e rehabilitación de zonas degradadas

-Curso de Paisaxismo: Deseño de xardíns e zonas verdes.

